



## **BASES DA CONVOCATORIA DA SELECCIÓN PARA O POSTO DE XEFE DE DIVISION DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA E DAS TELECOMUNICACIONES DO CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANZEIRA E CONTABLE (CIXTEC)**

### 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto a cobertura do posto de XEFE DE DIVISION DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA E DAS TELECOMUNICACIONES do CIXTEC.

### 2. VÍNCULO

O vínculo da persoa seleccionada formalizarase mediante contrato laboral de alta dirección ó abeiro do previsto no Real Decreto 1382/1985 de 1 de agosto polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección, no artigo 17 do Decreto 119/2012 de 3 de maio polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables ós órganos de goberno ou dirección ó persoal directivo das entidades do sector público autonómico e na Lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O directivo estará suxeito ó réxime de incompatibilidades recollido na Lei 53/1984 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de acordo co establecido na devandita lei.

### 3. FUNCIONES DO DIRECTIVO

As funcións a desenvolver serán as de Dirección e Coordinación das Diferentes Areas de Análise dos sistemas de información e interoperabilidade, da Area de Sistema e Comunicacións, así como dos Departamentos de Arquitecturas Tecnolóxicas, o departamento de Explotación e implantación e Atención a Usuarios e o Departamento de Infraestruturas Físicas e Sala.

### 4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os aspirantes deben reunir os seguintes requisitos

- a) Ter nacionalidade española, ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de idade dependentes. Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España
- b) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas incompatible co desempeño das correspondentes funcións
- c) Ter cumpridos os dezaseis anos
- d) Non ter sido separado/a do servizo de calquera Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin estar inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública





e) Non atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para os empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, en que fora separado/a ou inhabilitado/a

f) Estar en posesión dunha titulación superior universitaria de licenciatura ou enxeñeiro en materias relacionadas con Tecnoloxías da Información e Comunicaci3ns.

No caso de titulaci3ns obtidas no estranxeiro deberase estar en posesi3n da credencial que acredite a súa homologaci3n ou validaci3n, de ser o caso.

Os requisitos deber3n cumprirse tanto no momento da selecci3n como no da formalizaci3n do contrato.

## 5. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACI3N

As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no Rexistro do Centro Inform3tico para a Xesti3n Tributaria, Econ3mico-Financeira e Contable (CIXTEC). Debido a incidencia do Coronavirus coñecido como Covid-19, no momento de publicaci3n desta convocatoria as oficinas de rexistro presencial do CIXTEC situadas na rúa Domingo Font3n, 9, 15702, Santiago de Compostela (A Coruña), at3panse pechadas, polo que se recomenda a presentaci3n a traves da sede electr3nica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) ou a remisi3n da solicitude mediante correo electr3nico dirixido ao seguinte enderezo: [registro.cixtec@cixtec.es](mailto:registro.cixtec@cixtec.es).

A solicitude deber3 reunir todos os datos de identificaci3n requiridos.

Na solicitude os aspirantes deber3n presentar declaraci3n responsable de que re3nen todos e cada un dos requisitos esixidos.

As3 mesmo, deber3 presentar copia cotexada do t3tulo universitario esixido ou certificaci3n acad3mica que acredite ter realizados os estudos para a obtenci3n do t3tulo ou, de ser o caso, documento que acredite fidedignamente a posesi3n do t3tulo acad3mico.

Coa solicitude, tam3n deber3 relacionar de xeito individualizado cada un dos m3ritos que aleguen e presentar a documentaci3n acreditativa destes para a s3a valoraci3n, ben orixinal ou ben fotocopia cotexada.

Segundo se indica no punto 10 desta Convocatoria, non far3 falta acreditaci3n dos m3ritos que constan nos expedientes personais da Unidade de Persoal e R3xime interior do CIXTEC.

As3 mesmo, coa solicitude ter3 que achegarse o plan de actuaci3n en formato electr3nico.

O prazo para a presentaci3n de solicitudes rematar3 ao d3cimo quinto d3a h3bil, contado desde o d3a seguinte ao da publicaci3n do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

## 6. ADMISI3N DE ASPIRANTES

Tras a finalizaci3n do prazo de presentaci3n das solicitudes de participaci3n, o CIXTEC ditar3 resoluci3n en que se aproben as listas provisionais de admitidos e excluidos, con indicaci3n das causas de exclusi3n.





A lista publicárase na páxina web do CIXTEC e as persoas interesadas disporán dun prazo de tres días hábiles, contados dende o seguinte ó da súa publicación na páxina web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Unha vez resoltas as reclamacións ditarase resolución en que se aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Esta resolución farase pública na páxina web do CIXTEC.

## 7. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión de selección será nomeada por resolución do Director Xeral do CIXTEC e será constituído unha vez publicada na web do CIXTEC a relación definitiva de aspirantes. Serán de aplicación a este órgano as instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

A comisión terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

## 8. PROCEDIMENTO SELECTIVO

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos, a selección efectuarase polo procedemento de concurso que consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polos aspirantes que se puntuarán de acordo co seguinte baremo, cuxa puntuación máxima é de 100 puntos.

- 1ª FASE: BAREMACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS E VALORACIÓN DUN PLAN DE ACTUACIÓN DA UNIDADE DE OPERACIÓNS.

A puntuación máxima é de 90 puntos conforme a seguinte distribución:

1.1. Méritos, cunha puntuación máxima de 40 puntos.

1.2. Plan de actuación da unidade de operacións, cunha puntuación máxima de 50 puntos.

1.1. A valoración dos méritos desenvolverase conforme a seguinte distribución.

1.1.1. FORMACIÓN, puntuación máxima de 15 puntos.

Outorgarase unha puntuación de 6 puntos a aqueles/as aspirantes que estean en posesión da titulación de Enxeñeiro de telecomunicacións.

Por formación específica valoraranse os cursos, másters ou posgraos, todos eles impartidos por centros oficiais de titularidade pública ou privada homologados, ata un máximo de 9 puntos:

– Ata 7 puntos (0,05 puntos/hora) por cursos de contratación pública de máis de 15 horas.

– Ata 5 puntos (0,05 puntos/hora) por outros cursos de máis de 15 horas, en materia software de sistemas de Xestión, metodoloxía ou normativa de seguridade.

1.1.2. EXPERIENCIA. Corresponde a esta parte a puntuación máxima de 25 puntos.

– Por experiencia laboral en funcións de coordinación de equipos e medios para a resolución de incidencias relacionadas con infraestructuras técnicas informáticas de





Xestión tributaria e económico-financeira.: 2,5 puntos por ano ata un máximo de 15 puntos.

– Por experiencia laboral na xestión de equipos humanos e técnicos en actuacións de interrelación entre as diferentes unidades centrais e periféricas no ámbito da Xestión tributaria, económico-financeira e contable: 2,5 puntos por ano ata un máximo de 10 puntos.

1.2. Plan de actuación da unidade de operacións. Corresponde a esta parte a puntuación máxima de 50 puntos.

As persoas aspirantes deberán presentar un plan de actuación en que se recolla a estratexia que se desenvolverá na DIVISION DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA E DAS TELECOMUNICACIONES do CIXTEC a medio prazo. Este plan deberá conter as principais accións que se poñerán en marcha, indicando unha planificación estimada delas e o modelo de seguimento e avaliación que se aplicará.

O plan non poderá superar os 20 folios de extensión, a dobre espazo por unha soa cara, letra arial, tamaño 11.

O plan valorarase conforme os seguintes criterios:

- Pertinencia, entendida como a adecuación dos obxectivos do plan proposto á estratexia e prioridades do CIXTEC.
- Viabilidade, entendida como unha axeitada identificación e tratamento das condicións económicas, materiais, técnicas e humanas necesarias para afrontar as tarefas e conseguir os obxectivos que se propoñen no plan proposto.
- Eficacia, entendida como grao previsible de consecución dos obxectivos e resultados propios do plan proposto.
- Eficiencia, entendida como relación existente entre os obxectivos e os recursos que se estiman para acadalos.
- Sustentabilidade, grao en que os efectos transformadores derivados da posta en marcha do plan proposto poderán ser sostidos no tempo.
- Impacto, valoración e toma en consideración dos efectos directos e indirectos, derivados da posta en marcha do plan proposto.
- Coherencia e grao de consistencia entre os diversos compoñentes do plan proposto en relación cos fins que se propoñen.

A relación provisional coas puntuacións obtidas polos aspirantes publicarase na páxina web do CIXTEC e as persoas interesadas disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación na páxina web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Unha vez resoltas as reclamacións, ditarase resolución en que se aprobe a lista coas puntuacións definitivas da 1ª fase. Esta resolución farase pública na páxina web do CIXTEC.

Os/as candidatos/as que superen a 1ª fase do procedemento selectivo serán convocados nun prazo máximo de tres días hábiles desde a publicación da lista coas puntuacións definitivas para a defensa dos plans de actuación.





- 2ª FASE: ENTREVISTA PERSOAL PARA DEFENSA DO PLAN DE ACTUACIÓN DA UNIDADE DE OPERACIÓNS.

A puntuación máxima correspondente a esta fase é de 10 puntos. A data e lugar establecidos para a defensa dos plans de actuación serán publicados no taboleiro de anuncios e na web do CIXTEC con corenta e oito horas, polo menos, de anticipación á sinalada para o seu inicio.

Os candidatos deberán presentarse á proba provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade. Deberán presentar nun tempo máximo de 20 minutos o seu plan, e responder a todas aquelas preguntas e cuestións que permitan valorar a idoneidade da proposta, sen que o tempo de resposta compute para os efectos da duración prevista neste punto.

#### 9. CALIFICACIÓN E LISTA DE PERSOAS SELECCIONADAS

A calificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada unha das fases.

En caso de empate na puntuación total, dirimirase a favor da persoa que obteña maior puntuación nas distintas fases do procedemento selectivo e pola orde establecida nel (1º baremación de méritos e valoración do plan de actuación; 2º defensa do plan de actuación).

De persistir o empate, resolverase a favor do/da aspirante que obtivese a maior puntuación na parte de experiencia laboral. Se aínda así persiste o empate, resolverase por sorteo.

Unha vez finalizado o proceso de selección, o tribunal publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios do CIXTEC as puntuacións obtidas polos aspirantes con indicación do candidato seleccionado. Establécese un prazo de tres días hábiles, desde a publicación para presentar alegacións. A estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución definitiva.

A Comisión de avaliación elevará ó Director Xeral do CIXTEC a proposta a favor do aspirante que obteña a maior puntuación.

De non se presentar solicitudes, de non cumprir ningunha das rexistradas os requisitos esixidos ou de ser considerado que ningún dos candidatos resulta idóneo para o posto, a convocatoria será declarada deserta mediante resolución do Director Xeral do CIXTEC que se publicará no Diario Oficial de Galicia.

#### 10. FORMA DE ACREDITACIÓN E VALORACIÓN DOS MÉRITOS

Non fará falta acreditación dos méritos que constan nos expedientes pessoais da Unidade de Persoal e Réxime interior do CIXTEC.

Os interesados poderán achegar fotocopias cotexadas dos títulos ou certificados correspondentes á especialización, doutoramento, máster ou posgrao nos eidos establecidos así como ás actividades formativas, de aqueles méritos que non consten na Unidade de Persoal e Réxime interior do CIXTEC

#### 11. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A incorporación ao posto de traballo efectuarase dentro dos 3 días naturais seguintes ó requirimento formal por parte do CIXTEC. De non terse producido a dita incorporación por causa imputable ó aspirante seleccionado, entenderase que renuncia ao posto, o cal será declarado deserto.





## 12. RECURSO

A presente Resolución, que pon fin a vía administrativa, se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo non prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, de conformidade co establecido na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Postestativamente, e con coaracter previo, se poderá interpoñer recurso administrativo de reposición, ante este órgano directivo, no prazo dun mes para partir do día seguinte ao dá súa publicación, segundo ou disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Director Xeral do CIXTEC

Victor Coladas Bilbao

